



Praza número: 15/3003

Número de prazas: 1

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: PARCIAL (P04)

Área de coñecemento: Fundamentos de Análise Económica

Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas

Docencia: 611G01012 Microeconomía e Mercados

611G01005 Principios de Macroeconomía

612G01008 Principios de Economía e Facenda Pública

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do día 20/10/2015.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./Dª. MARÍA BARREIRO GEN.**

Contra a presente resolución, de conformidade co disposto no art. 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán as persoas interesadas interpor, potestativamente, un recurso de reposición perante esta Reitoría no prazo dun mes, ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, na forma e nas condicións previstas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, que se contan ambos a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.

A Coruña, 23/10/2015

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito



Gustavo Rego Veiga, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida os días 20 de outubro de 2015, tomou os seguintes acordos en relación coas reclamacións presentadas nas prazas que se relacionan a continuación,

Praza 15/3003:

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución
Dedicación: P04
Área de coñecemento: Fundamentos de Análise Económica
Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas
Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACORDOS:

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por don Francisco Jesús Ferreiro Seoane e o informe da comisión de selección da praza acordan:

- Con respecto ao punto PRIMEIRO da reclamación relativo á introdución dun "coeficiente para ponderar o concepto baremado en función da afinidade á área", ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexear a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto SEGUNDO da reclamación relativo á puntuación recibida en cada bloque, ratificar a decisión da comisión de selección.

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por dona María Barreiro Gen e o informe da comisión de selección da praza, acordan ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexear a reclamación presentada.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección e a nova puntuación dos/as concursantes a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 20 de outubro de 2015



Praza número: 15/3003 Número de prazas: 1
 Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución
 Dedicación: PARCIAL(P04)

Area de coñecemento: Fundamentos de Análise Económica
 Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas
 Docencia: 611G01012 Microeconomía e Mercados; 611G01005 Principios de
 Macroeconomía

612G01008 Principios de Economía e Facenda Pública
 Centro: Facultade de Economía e Empresa

INFORME DA COMISIÓN

(A cumprir no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

O 9 de outubro de 2015, as 9 h. reuniuse a comisión xulgadora da praza número: 15/3003, de Contratado/a Interino/a de Substitución, con dedicación parcial P4 (04), da Área de coñecemento Fundamentos de Análise Económica, do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas, para impartir docencia nas materias 611G01012 Microeconomía e Mercados; 611G01005 Principios de Macroeconomía, e 612G01008 Principios de Economía e Facenda Pública, na Facultade de Economía e Empresa. O presidente, Anxo Calvo Silvo, é substituído por Antonio García Lorenzo, por resolución reitoral de data 29 de setembro de 2015, quedando, así constituída polos membros que se relacionan:

Presidente: García Lorenzo, Antonio (substitución a Calvo Silvo, Anxo)
 Secretario: Novo Corti, María Isabel

Vogal 1º: Pateiro Rodríguez, Carlos

Vogal 2º: Sánchez de Paz, Elena María Montserrat

Vogal 3º: García Cebro, Juan Antonio

Rep. Trab. (s/voto): Martín Palmero, Federico Guillermo

Analizadas as reclamacións presentadas por D. Francisco Jesús Ferreiro Seoane e Dª María Barreiro Gen, a comisión emite informe sobre as consideracións dos reclamantes con acordo aos seguintes argumentos:

RESPOSTA À RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D. FRANCISCO JESÚS FERREIRO SEOANE

PRIMEIRA CONSIDERACIÓN:

A comisión non concorda coa apreciación do reclamante, xa que actuou en todo momento dentro das marxes de discrecionalidade técnica, que non arbitrariamente, que lle otorga a normativa, en particular, axustándose estritamente á Normativa que regula o procedemento, aprobada polo Consello de Goberno de UDC de 30.04.2014, aplicando os coeficientes ponderadores establecidos, que foron publicados previamente ao inicio da valoración dos expedientes, tal como é preceptivo.

SEGUNDA CONSIDERACIÓN:

A) BLOQUE II: FORMACIÓN ACADÉMICA DE POSTGRADO

Apartado II.1

Segundo o Anexo I da Normativa procedese a valorar os estudos de doutoramento do reclamante coa máxima puntuación que se pode outorgar, tendo en conta as cualificacións obtidas polo concursante e á aplicación do coeficiente máximo de afinidade.

Praza número: 15/3003
Número de prazas: 1
Categoría: Contratada/Interinova de Substitución
Dedicación: PARCIAL(P04)
Área de coñecemento: Fundamentos de Análise Económica
Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas
Docencia: 611G01012 Microeconomía e Mercados; 611G01005 Principios de Macroeconomía
612G01008 Principios de Economía e Facenda Pública
Centro: Facultade de Economía e Empresa

Apartado II.2

Atendendo á reclamación, a comisión procede a valorar o mérito cunha puntuación de 10 puntos, segundo a súa afinidade e relevancia.

Apartado II.3

Os méritos presentados polo concursante ou ben non son cursos universitarios oficiais, ou ben non son relevantes para a praza.

Apartado II.4

A valoración dos idiomas só se considerou si se presenta certificación por organismo acreditado (Escola oficial de idiomas, Cambridge, etc.), para ser tido en conta como "diploma oficial", de acordo coa normativa, o candidato no aporta ningún certificado deste tipo. O candidato acredita o nivel Celga 4, avaliada con 2,5 puntos. Entre os cursos de formación recibidos, valoráronse os cursos de formación docente universitaria seguintes (relaciónanse segundo a numeración de referencia da documentación aportada polo candidato) do 20 ao 33, ambos inclusive, o 69, e do 72 ao 76, ambos inclusive, todos eles coa máxima puntuación.

B) BLOQUE III: EXPERIENCIA DOCENTE

Como consideración xeral á valoración deste bloque III, a comisión optou por acollerse á normativa, que sinala "As puntuacións dos apartados III.1 a III.6 poderán multiplicarse por un coeficiente entre 0 e 1 segundo a súa afinidade á área". Este criterio foi publicado debidamente nos criterios de valoración e aplicado a todos os candidatos por igual.

Apartado III.1

O total da docencia na área de Fundamentos da Análise Económica, segundo o POD, é de 180 h. no curso 2011-2012, e de 90 h. no curso 2012-2013, o que fai un total de 270 horas, o que, segundo a normativa acada 5,40 puntos.

Apartado III.2

Neste apartado valorouse o único TFG que, a xuízo da comisión, que ten relación coa área (o número 90 na documentación aportada polo candidato).

Apartado III.6

Neste apartado non acredita avaliación no programa Docentea.

Apartado III.7

No apartado III.7 valoráronse os méritos relacionados coa área, no ámbito universitario, acorde coa normativa.

C) BLOQUE IV. PRODUCCIÓN INVESTIGADORA

Apartado IV.1

De acordo coa táboa de valoracións aportada pola normativa e do criterio de afinidade coa área, establecido pola comisión, valoráronse os seguintes méritos (de acordo coa numeración da

Praza número: 15/3003
Número de prazas: 1
Categoría: Contratado/a Interno/a de Substitución
Dedicación: PARCIAL(P04)

Área de coñecemento: Fundamentos de Análise Económica

Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas

Docencia: 611G01012 Microeconomía e Mercados; 611G01005 Principios de

Macroeconomía

612G01008 Principios de Economía e Facenda Pública

Centro: Facultade de Economía e Empresa

documentación aportada polo reclamante): 112 (0,5 puntos), 123, 124, 129, 134, 142, 148 e 150 (0,25 puntos), todos os méritos foron ponderados co coeficiente máximo (1,5), a puntuación acadada é 3,38.

Apartado IV.2

As publicacións científicas con proceso anónimo de revisión por pares, valoradas atendendo á táboa establecida pola normativa e ao criterio de afinidade coa área, consideradas (de acordo coa numeración da documentación aportada polo reclamante) foron as seguintes: 186, 194, 195, 197, 199 e 200, a todas elas aplícouse o coeficiente corrector máximo (3).

Apartado IV.4

No apartado IV.4 valoráronse unicamente os traballos relacionados coa área. Estes traballos (de acordo coa numeración da documentación aportada polo reclamante) son os libros números 212 (4 puntos) e 213 (3 puntos).

D) BLOQUE V: EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Apartado V.2

Neste apartado 2 non se lle valoran as estancias realizadas por non acadar a duración mínima establecida pola normativa (catro semanas realizadas de forma continua). Por tanto, détectase un erro na transcripción das puntuacións, porque figura 0,1, cando debe figurar 0. Ademais os documentos 235, 236 e 237 recollidos neste apartado son estancias anteriores á condición de doutor, non podendo ser, por outra banda, avaliadas como estancias predoutorais porque non acadan as dúas semanas mínimas esixidas pola normativa.

Apartado V.4.1

Neste apartado valoráronse un proxecto de investigación europeo (3 puntos) e un autonómico (1 punto), nos que o reclamante participa como investigador, ambos segundo o documento 238 (de acordo coa numeración da documentación aportada polo reclamante), xa que logo o mérito que se alega como "nacional" é autonómico segundo o certifica (Plan Galego) a Universidade de Santiago de Compostela no documento 238.

Apartado V.7

No apartado V.7 consideráronse como outros méritos o ser avaliador de dúas publicacións científicas (0,25 cada unha).

E) BLOQUE VI. ACTIVIDADE PROFESIONAL RELACIONADA COA PRAZA, FORA DO ÁMBITO ACADÉMICO UNIVERSITARIO

Apartado VI.1

No apartado VI.1, actividade profesional, o propio título da normativa pon o acento na importancia da existencia de relación entre a experiencia profesional acreditada e a praza. Sen poñer en dúbida a experiencia que o impugnante acredita, esta non se puntuou, de acordo co baremo establecido, por non cumprir o requisito de gardar relación directa coa praza.



Praza número: 15/3003
Número de prazas: 1
Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución
Dedicación: PARCIAL(P04)
Área de coñecemento: Fundamentos de Análise Económica
Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas
Docencia: 611G01012 Microeconomía e Mercados; 611G01005 Principios de Macroeconomía
612G01008 Principios de Economía e Facenda Pública
Centro: Facultade de Economía e Empresa

CONSIDERACIÓN ADICIONAL

A comisión, por unanimidade, quere deixar constancia do seu rexeste ás afirmacións vertidas polo reclamante no seu escrito, relativas ao emprego de termos que foran susceptibles de interpretar unha conduta arbitraria ou exenta de imparcialidade da comisión.

RESPOSTA A RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D^a. MARÍA BARREIRO GEN

A) BLOQUE II: FORMACIÓN ACADÉMICA DE POSTGRADO

Apartado II.4
A reclamante obtivo unha puntuación de 13 puntos, dos cales 2,5 puntos foron outorgados polo coñecemento da lingua galega (Celga 4) e a puntuación restante polos cursos de formación docente universitaria acreditados, valorados coa puntuación máxima permitida na normativa.

Apartado II.5
A bolsa predoutoral que non se lle valorou é a bolsa de colaboración coa investigación no Departamento de Dereito Público da Universidade da Coruña porque soamente encaixaría no apartado relativo a "Outras bolsas para as que sexa necesario título universitario" e non cumpre este requisito, xa que se trata dunha bolsa que se recibe durante os últimos anos de grao (no seu caso, licenciatura).

B) BLOQUE III: EXPERIENCIA DOCENTE

Como consideración xeral á valoración deste bloque III, a comisión optou por acollese á normativa, que sinala "As puntuacións dos apartados III.1 a III.6 poderán multiplicarse por un coeficiente entre 0 e 1 segundo a súa afinidade á área". Este criterio foi publicado debidamente nos criterios de valoración e aplicado a todos os candidatos por igual.

Apartado III.7
No apartado III.7 valoráronse os méritos relacionados coa área, no ámbito universitario, acorde coa normativa.

C) BLOQUE IV: PRODUCCIÓN INVESTIGADORA

Apartado IV.1
A Comisión aclara que si tivo en conta o carácter internacional dos Congresos acreditados relacionados coa área.

Apartado IV.2

A reclamante mostra a súa desconformidade coa valoración acadada neste punto, alegando o



Praza número: 15/3003

Número de prazas: 1

Categoría: Contratado/a Interno/a de Substitución

Dedicación: PARCIAL(P04)

Área de coñecemento: Fundamentos de Análise Económica

Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas

Docencia: 611G01012 Microeconomía e Mercados; 611G01005 Principios de

Macroeconomía

612G01008 Principios de Economía e Facenda Pública

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Impacto das revistas nas que aparecen publicados os artigos presentados. A Comisión tivo en conta este aspecto, entre outros, como a relación ca área, para establecer a súa puntuación.

D) BLOQUE V: EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Apartado V.4.1

A reclamante solicita que se valore a súa participación no proxecto autonómico presentado, pero esta non foi debidamente acreditada, xa que, de acordo coa normativa, no certificado de financiamento non aparece o nome da candidata.

Apartado V.7

No apartado V.7 a comisión decidiu valorar o mérito polo que se reclama con 0,5 puntos, atendendo ao criterio de calidade da revista e ao tempo que leva como avaliadora.

E) BLOQUE VI. ACTIVIDADE PROFESIONAL RELACIONADA COA PRAZA, FÓRA DO ÁMBITO

ACADÉMICO UNIVERSITARIO

Apartado VI.1

A Comisión considera que a temática dos certificados (actividades administrativas) non está directamente relacionada coa praza, polo que non valorou esta labor profesional.

RESUMO

Tendo en conta todo o antedito, a puntuación resultante para os dous aspirantes, queda como se reflicte no documento anexo.

A Coruña, 9 de outubro de 2015

Vº. e Pr.

O presidente,

Aivo. Antonio Gordo Lora

O secretario,

ASDO. ISABEL NOVO CORTI

